



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL Sesión do 14 de XUÑO de 2023 (1462/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e corenta minutos do día catorce de xuño de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(460).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(461).- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POR QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U., CONTRA O ACORDO DE ADJUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA DA SAÚDE DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1533/2202.

Dáse conta do informe-proposta de data 13/06/2023, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Area, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de vixilancia da saúde (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de vixilancia da saúde (PPT).



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 6 de outubro de 2022, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto do servizo de vixilancia da saúde, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 18 de outubro de 2022 no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día, rematando o 14 de novembro de 2022.

Terceiro.- Durante o prazo conferido ao efecto presentaron oferta os seguintes licitadores:

1. GEROSALUD
2. IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L.
3. PREVISIONOR, S.L.
4. QUIRON PREVENCION, S.L.U.

Cuarto.- A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 17 de novembro de 2022, procedeu a apertura e cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos. Tras a mesma, acordou admitir neste procedemento aos citados licitadores e procedeu en acto público á apertura do sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula".

Quinto.- En data 18 de novembro de 2022, D. Jorge Juan González Cuenca, en nome e representación de PREVISIONOR, S.L., interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando os pregos que rexen a presente licitación. O escrito de recurso presentouse no Rexistro Xeral deste Concello, sendo remitido polo servizo de Contratación ao Tribunal.

Sexto.- En data 7 de decembro de 2022, o TACGAL, en resolución nº 221/2022, inadmite o recurso por extemporáneo.

Sétimo.- En data 13 de decembro de 2022, D. Gabriel Pérez Serrano, en nome e representación de PREVISIONOR, S.L., solicita que o órgano de contratación declare a nulidade de pleno dereito do expediente. Esta solicitude foi inadmitida pola XGL, na sesión de 12 de xaneiro de 2023, que acordou:

"1º.- Inadmitir a solicitude de nulidade do procedemento aberto do servizo de vixilancia da saúde, presentada o 13 de decembro de 2022 por D. Jorge Juan González Cuenca, en nome e representación de PREVISIONOR, S.L., por non estar incluídos as causas de nulidade alegadas entre as previstas nos artigos 39 da LCSP e 47.1 da LPAC.

2º.- Non procede a petición de ditame do Consello Consultivo por canto estas non se baseen nalgunha das causas de nulidade do artigo 47.1 da LPAC".

Oitavo.- A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 19 de decembro de 2022, acordou aceptar o informe asinado polas técnicas de Prevención de Riscos Laborais e a xefa da Área de RRHH e Formación o 12 de decembro de 2022 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa. E a continuación formulou proposta de clasificación deste procedemento.

Noveno.- A Concelleira delegada de Contratación, en data 19 de decembro de 2022, resolveu:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1.533-2202) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación
1	IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L.	70,00 puntos
2	QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.	62,50 puntos
3	PREVISONOR, S.L.	54,63 puntos
4	GEROSALUD, S.L.	52,45 puntos

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L. (B-27.222.827), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC-. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Décimo.- A XGL, na sesión ordinaria do 26 de xaneiro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L. (B-27.222.827) o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1533-2202) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 627.023,49 euros, estando exento de IVE.*
- b) Incrementa a experiencia do/a DUE a adscribir ao contrato a maiores da esixida no apartado 5F desta FEC (5 anos) en 1 ano de experiencia.*
- c) Incrementa a experiencia do/a médico/a a adscribir ao contrato a maiores da esixida no apartado 5F desta FEC (6 meses) en 3 anos e 6 meses de experiencia.*
- d) Comprométese a achegar os seguintes protocolos propios de vixilancia sanitaria específica para os riscos nos que non existan protocolos de vixilancia sanitaria específica aprobados polo Ministerio de Sanidade:*
 - o Protocolo para a aptitude físico-psíquica para a conducción de vehículos.*
 - o Protocolo para a aptitude físico-psíquica para a realización de traballos en altura e traballos verticais.*
 - o Protocolo para a aptitude físico-psíquica para a tenencia e uso de arma de fogo do persoal da Policía Local.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno, a oferta presentada e a sua valoración”.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

Este acordo foi notificado aos licitadores e publicado no perfil de contratante do concello de Vigo ao día seguinte, o 27 de xaneiro.

Undécimo.- En data 14 de febreiro de 2023, D. Jorge Juan González Cuenca, en nome e representación de QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U. (en adiante QUIRÓN), interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando o acordo de adxudicación deste contrato. O escrito de recurso presentouse no Rexistro Xeral deste Concello, sendo remitido polo servizo de Contratación ao Tribunal. Este recurso foi estimado parcialmente por resolución nº 47/2023, de 16 de marzo de 2023.

Duodécimo.- En data 23 de marzo de 2023 a XGL acordou tomar razón da citada resolución e *“Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de retrotraer as actuacións do expediente ao momento de valoración do sobre C e tendo en conta o resolución 47/2023 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”*.

Décimo terceiro.- En data 27 de marzo de 2023, o servizo xestor emite un novo informe de valoración do sobre C *“Proposición avaliable a través de fórmula”*. Este es entregado na sesión da Mesa de Contratación de 31 de marzo de 2023, que o acepta e acorda, por unanimidade, *“dar traslado do referido informe a GEROSALUD, S.L., IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L., PREVISIONOR, S.L. e QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L. e concederlles un prazo de 3 días para que poidan emendar a documentación presentada no Sobre C”*.

Décimo cuarto.- Durante o prazo conferido ao efecto, Presentan emendas Ibersys Seguridad y Salud, S.L., Previsonor, S.L. e Quirón Prevención, S.L.U. Esta documentación é revisada polo servizo xestor, a petición da Mesa, que emite informe en data 24 de abril de 2023. Este informe é aceptado por esta, na sesión do día 25 de abril.

Décimo quinto.- A concelleira delegada de Contratación, en resolución de 25 de abril, acordou:

“Único.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1.533-2202) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación
1	IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L.	95,00 puntos
2	QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.	87,48 puntos
3	PREVISIONOR, S.L.	77,62 puntos
4	GEROSALUD, S.L.	52,45 puntos

Dado que a orde de clasificación non variou respecto da clasificación acordada o 19 de decembro de 2022, previa á resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia 47/2023, do 16 de marzo, e este procedemento xa

fora adxudicado a IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L. por ter presentado correctamente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP, non procede esixirlle novamente a documentación”.

Décimo sexto.- A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 3 de maio de 2023, acordou propoñer á XGL a adxudicación do presente contrato. A XGL, o 11 de maio de 2023, a aprobou, acordando:

“Adxudicar a IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L. (B-27.222.827) o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1533-2202) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 627.023,49 euros, exento de IVE.*
- b) *Incrementa a experiencia do/a médico/a especialista en medicina do traballo a adscribir ao contrato a maiores da esixida no apartado 5F desta FEC (5 anos) en máis de 15 anos de experiencia.*
- c) *Incrementa a experiencia do/a DUE a adscribir ao contrato a maiores da esixida no apartado 5F desta FEC (5 anos) en máis de 15 anos de experiencia.*
- d) *Comprométese a achegar os seguintes protocolos propios de vixilancia sanitaria específica para os riscos nos que non existan protocolos de vixilancia sanitaria específica aprobados polo Ministerio de Sanidade*
 - o *Protocolo para a aptitude físico-psíquica para a conducción de vehículos.*
 - o *Protocolo para a aptitude físico-psíquica para a realización de traballos en altura e traballos verticais.*
 - o *Protocolo para a aptitude físico-psíquica para a tenencia e uso de arma de fogo do persoal da Policía Local.*
- e) *Incrementa a experiencia do/a médico/a a adscribir ao contrato a maiores da esixida no apartado 5F desta FEC (6 meses) en máis de 3 anos de experiencia.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno, a oferta presentada e a súa valoración”.

A adxudicación foi notificada aos interesados o mesmo día e publicada no perfil de contratante do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- En data 31 de maio de 2023, D. Gabriel Pérez Serrano, en nome e representación de QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U. (en adiante QUIRÓN), interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando o acordo de adxudicación deste contrato. O escrito de recurso presentouse no Rexistro Xeral deste Concello, sendo remitido polo servizo de Contratación ao Tribunal.

Décimo oitavo.- En data 7 de xuño de 2023, o servizo xestor, emite informe sobre as alegacións formuladas polo recorrente no escrito de recurso.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, adoptado na sesión do 11 de maio de 2023, de adxudicación do procedemento aberto o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde.

-II-

Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.

- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, a impugnación do acordo de adjudicación é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpra as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*.

No caso que nos ocupa non hai dúbida da lexitimación do recorrente na súa cualidade de licitador.

C) Como **requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valer o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.

- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional décimo quinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do Concello e remitido polo servizo de contratación ao TACGAL.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- Cando se interpoña contra actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación o cómputo se iniciará a partir do día seguinte a aquel no que se tiña coñecemento da posible infracción (artigo 50.1.c).
- Cando se interpoña contra a adxudicación do contrato, o cómputo iniciarase a partir do día seguinte a aquel en que esta se lles notificou, de conformidade co establecido na disposición adicional décimoquinta, aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento (artigo 50.1.d).

O recurso foi interposto no Rexistro do concello en data 31 de maio. Dado que a adxudicación foi notificada e obxecto de publicación o día 11 de maio de 2023, o recurso foi interposto en prazo.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

QUIRÓN impugna a adxudicación do contrato en base a un único motivo: o incumprimento dos pregos na valoración da oferta de IBERSYS, en concreto ao valorar a experiencia do médico e do DUE especialistas en medicina do traballo. Veremos por separado cada unha das alegacións:

1.- Puntuación de 15 puntos outorgada ao médico especialista no traballo aportado por IBERSYS

Considera o recorrente que a experiencia de 17 anos do facultativo como especialista en medicina do traballo non é tal, por canto traballou no Instituto Social da Mariña (ISM) como médico especialista en medicina mariña e non do traballo. Para xustificar este argumento achega unha resolución de convocatoria dun proceso selectivo para este organismo público, na que non se esixe a especialidade de medicina do traballo, e reproduce as tarefas dos médicos de medicina marítima que constan na propia web do ISM e os artigos 36 e 37 do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención (RPRL), que recollen as tarefas dos médicos especialistas en medicina do traballo, e compara ambas. Conclúe, á vista das diferencias entre ambos tipos de especialistas, que so é posible recoñecer ao médico especialista 9 anos de experiencia, e polo tanto, en vez de 15 puntos, a IBERSYS corresponderíanlle so 5 neste criterio de adxudicación.

Informa ao respecto o servizo xestor:

“A.1) Respecto do FUNDAMENTO DE DEREITO terceiro apartado A do recurso “Sobre la puntuación de 15 puntos otorgada al médico especialista en el trabajo aportado por IBERSYS”

A oferta presentada por IBERSYS, tal e como recolle o anexo do informe de valoración do sobre C, é a seguinte:

IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L.

MÉDICO ESPECIALISTA: Gabriel Francisco Tauriz Marhuenda.

Experiencia laboral acreditada mediante contrato de traballo e vida laboral:

- Contrato de traballo co Instituto Social de la Marina de data 19/04/1990. Contén anexo con funcións desenvolvidas, que coinciden coas correspondentes a un médico especialista en medicina do traballo. A páxina web de Quirón Prevención, no artigo publicado o 5/03/2020 di: “Las principales funciones de la medicina y enfermería del trabajo son: la promoción de la salud, la prevención, la vigilancia de la salud, la asistencia urgente, la pericial, la formación, la gestión y la investigación”. Estas funcións están recollidas no anexo do contrato.*
- Certificado do Instituto Social de la Marina de data 08/03/2002 para o acceso de D. Gabriel Táuriz Marhuenda“á título de médico especialista en Medicina do Traballo.*
- Contrato de traballo de data 19/03/2012 coa razón social Sociedad de Prevención de MAZ SEGURIDAD LABORAL.*
- Contrato de traballo de data 08/01/2018 coa razón social NORPREVENCIÓN, S.L..*

- Informe de vida laboral de Gabriel Francisco Tauriz Marhuenda expedido pola TGSS de data 4 de novembro de 2022 na que xustifica tempo traballado para Instituto Social de la Marina (2.066 días), para MAS PREVENCIÓN SERVICIO DE PREVENCIÓN SL. (2.119 días) e para IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L. (1.762 días), o que fai un total de 5.947 días: 16 anos e 107 días.
- Total puntuación: 15 puntos.

Cabe indicar que o RD 1497/1999, de 24 de setembro, polo que se regula un procedemento excepcional de acceso ao título de médico especialista permitiulle acceder ao título de médico especialista a aqueles médicos que cumprisen os seguintes requisitos, recollidos no seu artigo 1:

ARTÍCULO 1 Requisitos de acceso al título de Médico Especialista.

1. Los españoles y los nacionales del resto de los Estados miembros de la Unión Europea o del espacio económico europeo, que hubieran obtenido el título español de Licenciado en Medicina, o el reconocimiento u homologación a aquél de un título extranjero, podrán acceder, por una única vez, al título español de Médico Especialista por el procedimiento excepcional regulado en esta norma si a la entrada en vigor de la misma acreditan los siguientes requisitos:

a) Haber completado un ejercicio profesional efectivo como médico, dentro del campo propio y específico de una especialidad durante un período mínimo equivalente al 170 por 100 del período de formación establecido para la misma en España.

b) Poseer una formación especializada equivalente a la establecida para la especialidad, de acuerdo al programa vigente en su momento, realizada en servicios o unidades de dicha especialidad, cuyo carácter formativo queda reconocido excepcionalmente mediante este Real Decreto a sus exclusivos efectos, en centros sanitarios públicos o integrados en el Sistema Nacional de Salud, o acreditados para la docencia, o, en las especialidades del apartado segundo del anexo del Real Decreto 127/1984, de 11 de enero, conjuntamente en centros sanitarios de tales características y en centros universitarios.

Será, asimismo, válida la formación adquirida en servicios o unidades concertados con el Sistema Nacional de Salud, cuando el concierto incluya la especialidad solicitada por el aspirante.

Siempre que la formación se haya desarrollado bajo una relación profesional retribuida en el ámbito de la especialidad, el tiempo de la misma será computable a efectos del cumplimiento del requisito de ejercicio profesional previsto en el párrafo a).

c) Cuando se trate de las especialidades incluidas en el apartado tercero del anexo del Real Decreto 127/1984, de 11 de enero, no será exigible que el ejercicio profesional se hubiera desarrollado en centros o instituciones sanitarias ni que la formación se hubiera obtenido en centros sanitarios de las características indicadas.

2. Los interesados sólo podrán solicitar un único título de Médico Especialista al amparo del procedimiento establecido en esta norma.

Ibersys aporta xunto co contrato de traballo certificado de data marzo de 2002 do subdirector general de acción social marítima del Instituto Social de la Marina no que indica que o médico proposto por Ibersys realiza funciones como Médico de Sanidad Marítima, con contrato laboral, con un ejercicio efectivo como médico dentro del campo da Medicina do Trabajo (...), certificado que emite aos efectos de poder acceder ao estipulado no RD 1497/1999.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

As funcións do médico proposto por Ibersys Seguridade e Saúde, S.L. que aparecen recollidas no seu contrato de traballo (ANEXO FUNCIONES) son:

- *Realización de reconocimientos médicos laborales.*
- *Confeción e informatización de Historia Clínicas.*
- *Seguimento e control de procesos patolóxicos.*
- *Control de las condicións higiénico sanitarias de los tripulantes buques e mercancías.*
- *Actividades en materia de medicina preventiva marítima.*
- *Realización e impartición de Cursos de Educación Sanitaria.*
- *Medicina asistencial a tripulantes en puerto, a bordo de buques e a través de consulta radio-médica.*
- *Participación en los cursos de formación e perfeccionamiento profesional.*
- *Elaboración de los informes periódicos de control estadístico.*
- *Participación en las operacións de repatriación, evacuación e rescate de tripulantes e acompañamiento de aquellos que lo precisen.*
- *Realización de actividades socio-culturales para traballadores del mar a bordo e en puerto.*
- *Para el supuesto de prestación de servicios en centros ubicados fuera del territorio nacional, exercer las funcións de dirección, administración e control del funcionamento del Centro e de los servicios del personal de él dependientes.*
- *Realización de estudos sobre la situación del sector marítimo-pesquero.*
- *Colaboración con los servicios de asistencia sanitaria propios del Organismo e con los ajenos e concertados en aquellos casos en que sea requerido para ello.*
- *Desplazarse temporalmente a otros centros de traballo, cuando así sea requerido para ello por el Instituto Social de la Marina, en los términos referidos en los contratos de traballo.*
- *Propuesta, estudio, elaboración e efecución de actividades relacionadas con los contenidos propios del servicio sanidade marítima.*

El recurso presentado por Quirón Prevención reproduce os artigos 36 e 37 do RSP, "a los efectos de dejar acreditadas las diferencias e que establecen las tareas propias de un médico del traballo". Indicar a este respecto que as funcións do artigo 36 corresponden ás funcións de nivel intermedio, que non son realizadas polo persoal médico, e con respecto ao artigo 37, ás funcións recollidos nos apartados a) a d) do apartado 1 corresponden a técnicos superiores en prevención de riscos laborais, non ao persoal médico. A este último correspóndelle o apartado e) do apartado 1 do artigo 37:

e) La vigilancia y control de la salud de los trabajadores en los términos señalados en el apartado 3 de este artículo.

(...)

3. Las funciones de vigilancia y control de la salud de los trabajadores señaladas en el párrafo e) del apartado 1 serán desempeñadas por personal sanitario con competencia técnica, formación y capacidad acreditada con arreglo a la normativa vigente y a lo establecido en los párrafos siguientes:

a) Los servicios de prevención que desarrollen funciones de vigilancia y control de la salud de los trabajadores deberán contar con un médico especialista en Medicina del Trabajo o diplomado en Medicina de Empresa y un ATS/DUE de empresa, sin perjuicio de la participación de otros profesionales sanitarios con competencia técnica, formación y capacidad acreditada.

b) En materia de vigilancia de la salud, la actividad sanitaria deberá abarcar, en las condiciones fijadas por el artículo 22 de la Ley 31/1995, de Prevención de Riesgos Laborales:

1.º Una evaluación de la salud de los trabajadores inicial después de la incorporación al trabajo o después de la asignación de tareas específicas con nuevos riesgos para la salud.

2.º Una evaluación de la salud de los trabajadores que reanuden el trabajo tras una ausencia prolongada por motivos de salud, con la finalidad de descubrir sus eventuales orígenes profesionales y recomendar una acción apropiada para proteger a los trabajadores.

3.º Una vigilancia de la salud a intervalos periódicos.

c) La vigilancia de la salud estará sometida a protocolos específicos u otros medios existentes con respecto a los factores de riesgo a los que esté expuesto el trabajador. El Ministerio de Sanidad y Consumo y las Comunidades Autónomas, oídas las sociedades científicas competentes, y de acuerdo con lo establecido en la Ley General de Sanidad en materia de participación de los agentes sociales, establecerán la periodicidad y contenidos específicos de cada caso.

Los exámenes de salud incluirán, en todo caso, una historia clínico-laboral, en la que además de los datos de anamnesis, exploración clínica y control biológico y estudios complementarios en función de los riesgos inherentes al trabajo, se hará constar una descripción detallada del puesto de trabajo, el tiempo de permanencia en el mismo, los riesgos detectados en el análisis de las condiciones de trabajo, y las medidas de prevención adoptadas.

Deberá constar igualmente, en caso de disponerse de ello, una descripción de los anteriores puestos de trabajo, riesgos presentes en los mismos, y tiempo de permanencia para cada uno de ellos.

d) El personal sanitario del servicio de prevención deberá conocer las enfermedades que se produzcan entre los trabajadores y las ausencias del trabajo por motivos de salud, a los solos efectos de poder identificar cualquier relación entre la causa de enfermedad o de ausencia y los riesgos para la salud que puedan presentarse en los lugares de trabajo.

e) En los supuestos en que la naturaleza de los riesgos inherentes al trabajo lo haga necesario, el derecho de los trabajadores a la vigilancia periódica de su estado de salud deberá ser prolongado más allá de la finalización de la relación laboral a través del Sistema Nacional de Salud.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

f) El personal sanitario del servicio deberá analizar los resultados de la vigilancia de la salud de los trabajadores y de la evaluación de los riesgos, con criterios epidemiológicos y colaborará con el resto de los componentes del servicio, a fin de investigar y analizar las posibles relaciones entre la exposición a los riesgos profesionales y los perjuicios para la salud y proponer medidas encaminadas a mejorar las condiciones y medio ambiente de trabajo.

g) El personal sanitario del servicio de prevención estudiará y valorará, especialmente, los riesgos que puedan afectar a las trabajadoras en situación de embarazo o parto reciente, a los menores y a los trabajadores especialmente sensibles a determinados riesgos, y propondrá las medidas preventivas adecuadas.

h) El personal sanitario del servicio de prevención que, en su caso, exista en el centro de trabajo deberá proporcionar los primeros auxilios y la atención de urgencia a los trabajadores víctimas de accidentes o alteraciones en el lugar de trabajo.

Xa que logo, concluímos que as funcións desenvolvidas polo médico proposto por Ibersys Seguridad y Salud, S.L. no ISM correspóndense coas funcións dun médico especialista en Medicina do Traballo, e por iso se contabilizou como experiencia profesional o contrato presentado.

En todo caso, de non contabilizarse este tempo traballado para o ISM, os outros dous contratos presentados con MAS PREVENCIÓN SERVICIO DE PREVENCIÓN SL. (2.119 días) e para IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L. (1.762 días), fan un total de 10 anos e 231 días, polo que corresponderían 10 puntos neste apartado.

Á vista do informe do servizo xestor, a xuízo da informante, procede propoñer ao tribunal a desestimación desta alegación.

2.- Puntuación de 15 puntos outorgada ao DUE especialista no traballo aportado por IBERSYS

Manifesta o recorrente que “la documentación que consta como aportada se limita a 2 contratos con el Servicio Público de Empleo Estatal (SEPE), por un breve periodo de tiempo. Además, se aporta DOC como trabajadora del extinto servicio de prevención ajeno MGO, desde el 17 de noviembre de 2003 hasta el 3 de noviembre de 2014. Es decir, casi 11 años. Sin embargo, no se aporta contrato de trabajo, sino un certificado de la empresa MGO y una serie de nóminas, por lo que no se ha aportado ninguno de los documentos exigidos en el PCAP para acreditar la experiencia del personal (contrato y vida laboral), ni en el momento de la presentación inicial de la oferta por parte de IBERSYS, ni tampoco en el marco de la Subsanación”.

A continuación cita os preceptos legais e a doutrina, tanto administrativa como xurisprudencial, que determinan que os pregos son a lei do contrato e que a presentación dunha oferta supón a aceptación incondicional dos mesmos. E conclúe que “*Trasladando esta doctrina al caso que nos ocupa, implica que el órgano de contratación, en el momento de valorar la experiencia profesional del DUE especialista en medicina del trabajo que, en este caso, ofrece IBERSYS, debe valorar tan solo los contratos laborales y el certificado de vida laboral, pero no es ajustado al pliego valorar otra documentación, menos aun cuando se ha dado a todos los licitadores trámite para la Subsanación, tras la Resolución 47/2023. Efectivamente, como consta el expediente, a través del requerimiento de la Subsanación se requirió a IBERSYS para que aportase contratos de trabajo, que implica, en suma, que la documentación aportada con la oferta no era suficiente para acreditar la experiencia*

aportada. En este sentido, es preciso poner de manifiesto que, con ocasión de la primera valoración de las ofertas, la mesa de contratación no dio por válido la declaración o certificado expedido por los servicios de recursos humanos de mi representada como documentos válidos para acreditar la experiencia del personal". En consecuencia, na súa opinión, non procede valorar a experiencia aportada en relación coa DUE, por non ter achegado IBERSYS o contrato de traballo. O contrario sería ir en contra da doutrina dos actos propios, e cita ao respecto unha sentenza do TS. Remata solicitando a anulación da resolución na que se acorda a clasificación e a súa substitución por outra na que resulte adxudicataria a recorrente, ou subsidiariamente, que se retrotraia o procedemento ao momento de valoración das ofertas, e se volva a valorar a experiencia tendo en conta as súas alegacións.

Informa ao respecto o servizo xestor o seguinte:

"A.2) Respecto do FUNDAMENTO DE DEREITO terceiro apartado B do recurso "Sobre la puntuación de 15 puntos otorgada al DUE especialista en el trabajo aportado por IBERSYS"

A oferta presentada por Ibersys Seguridad y Salud, S.L. , tal e como recolle o anexo do informe de valoración do sobre C, é a seguinte:

IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L.

DUE DE EMPRESA: María Fraga Fernández.

Experiencia laboral acreditada segundo documentación aportada:

- Contrato de traballo de data 17/11/2003 coa razón social GRUPO M.G.O. Presenta tamén nómina os anos 2010, 2011 e 2012.*
- Contrato de traballo de data 07/09/2015 coa razón social NORPREVENCIÓN, S.L.*
- Informe de vida laboral de María Fraga Fernández expedito pola TGSS de data 4 de novembro de 2022 que xustifica tempo de traballo para GRUPO MGO (4.004 días) e para IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L. (2.190 días), o que fai un total de 16 anos e 354 días.*
- Total puntuación: 15 puntos.*

Alega o recurso presentado por Quirón Prevención que non achega contrato de traballo, senón un certificado a empresa MGO y una serie de nóminas. Con todo, o que se tivo en conta para a valoración non foi isto senón a vida laboral que fora presentada inicialmente e as comunicación de contratos de traballo do Servicio Público de Empleo Estatal, que acreditan a existencia do contrato laboral e proporcionan os datos destes contratos de traballo.

Non se tivo en consideración a certificado da empresa MGO, que como se pode ver nin tan siquiera se menciona no informe do sobre C de valoración.

Os documentos do SEPE achegados por Ibersys SL acreditan a existencia dun contrato de traballo, que en principio foi temporal, entre o 17/11/2003 e o 16/05/2004, cunha prórroga do 17/05/2004 ao 16/11/2004 e posteriormente transformouse a indefinido en data 17/11/2004, e en ambos documentos figura a ocupación desenvolvida pola traballadora. Xa que logo, entendeuse que a documentación presentada do SEPE acreditaba a existencia do contrato de traballo, polo que isto, xunto a vida laboral inicialmente, motivaron a valoración da documentación achegada.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

Xa que logo, as valoracións realizadas respecto da experiencia profesional se realizaron conforme á literalidade do PCAP. Os criterios utilizados polo persoal técnico do Servizo Propio de Prevención de Riscos do Concello de Vigo encargado de realizar a valoración do sobre C respectaron en todo momento o recollido no PCAP e foron estritamente iguais para a valoración de tódalas ofertas presentadas polas distintas empresas licitadoras”.

A vista do informe do servizo xestor, aclarando que para a realización do informe se tiveron en conta os contratos, tal e como esixe o PCAP, procede propoñer ao Tribunal a desestimación desta alegación.

-VI-

Conclusiones

Recapitulando, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso con respecto a impugnación do acordo de adxudicación.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación do acordo de adxudicación, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

-VII-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento, como ocorre no presente suposto.

-VIII-

Acordo

En mérito ao exposto, se propón á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(462).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO LOTE 2 DO CONTRATO DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA SOPORTE DE ESPECTÁCULOS DE PEQUENO FORMATO, CONCERTOS NO AUDITORIO DE CASTRELOS, ORGANIZACIÓN DO SISTEMA DE ENTRADAS E CATERING PARA EVENTOS DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS”. EXPTE. 9660/335.

Visto o informe de fiscalización do 13/06/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos do programa “Vigo en festas” (9.660-335)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos do programa “Vigo en festas” (9.660-335) (lote 1)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 5 de maio de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos e espectáculos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos do programa “Vigo en Festas”.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 18 de abril de 2023 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 4 de maio de 2023 redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 817.390,98 euros, sendo o valor estimado do contrato de 675.529,74 euros con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 “FESTAS DE VIGO” do programa orzamentario de Festas, sendo a distribución por anualidades de (con IVE) é a seguinte:

- 2023: 669.839,38 euros
- 2024: 147.551,60 euros



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

Detalle por lotes:

Lote 1: Ano 2023: 134.102,58 € (80% tipoloxía I + 100% tipoloxía II)
Ano 2024: 145.095,30 € (20% tipoloxía I + 100% tipoloxía III)

Lote 2: Ano 2023 - 488.862,46 €

Lote 3: Ano 2023 - 34.241,94 €

Lote 4: Ano 2023: 12.632,40 € (80% de tipoloxía I e 100% tipoloxía II)
Ano 2024: 2.456,30 € (20% de tipoloxía I e 100% tipoloxía III)

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 1 de xuño de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 1 de xuño de 2023 dos seguintes licitadores:

- SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (lote 2): por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no PCAP*
- FUNDACION GALICIA OBRA SOCIAL (lote 3): polo motivo previsto na cláusula 14.2B do PCAP (“A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC”).*

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1 e 2 do procedemento aberto do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos do programa “Vigo en festas” (9.660-335) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 “Produción técnica soporte de actividades e espectáculos de pequeno formato en diferentes localizacións”

Orde	Licitador	Puntuación total
1º	SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.	86,00 puntos
2º	FLUGE GALICIA, S.L.	52,45 puntos

- Lote 2 “Produción técnica soporte de espectáculos no Auditorio de Castrelos”

	Licitador	Puntuación total
1	FLUGE GALICIA, S.L.	94,00 puntos

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (B-27.793.728) (lote 1) e FLUGE GALICIA, S.L. (B-87.037.883) (lote 2), para que presente, no prazo de dez días hábiles , a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), agás a documentación acreditativa da habilitación profesional que xa foi presentada no Sobre A.*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada, o día 1 de xuño de 2023, aos licitadores clasificados en primeiro lugar, SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (lote 1) e FLUGE GALICIA, S.L. (lote 2) que presentan a documentación, SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (lote 1) os días 12 e 13 de xuño de 2023 e FLUGE GALICIA, S.L. os días 6, 7, 9, 12 e 13 xuño de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 13 de xuño de 2023 revisou a documentación presentada, e sendo correcta a relativa a FLUGE GALICIA, S.L. (lote 2), acorda por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do lote 1 deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar, SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (lote 1) e FLUGE GALICIA, S.L. (lote 2), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (lote 1) e FLUGE GALICIA, S.L. (lote 2), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 29 de maio e 1 de xuño de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Adxudicar a FLUGE GALICIA, S.L. (B-87.037.883) o lote 2 “Producción técnica soporte de espectáculos no Auditorio de Castrelos” do procedemento aberto do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos do programa “Vigo en festas” (9.660-335) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo máximo do lote é de 488.862,46 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 84.843,90 euros, cunha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP para o lote 2 do 4 %.*
- b) *Propón a seguinte experiencia en traballos de produción de espectáculos ou eventos do persoal técnico que se indica deseguido, a maiores do mínimo esixido no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP:*
 - *Coordinador/a de produción (mínimo 2 anos): 25 anos*
 - *Responsable de backstage (state manager) (mínimo 2 anos): 25 anos*
- c) *Propón un incremento do tamaño das 2 pantallas led esixidas na cláusula 6.2.1.7 do PPTP (mínimo $3 \times 5 = 15 \text{m}^2$) de 9m^2 .*
- d) *Comprométese a achegar unha cámara negra composta de 10 patas de $3 \times 9 \text{m}$ e telón traseiro de $16 \times 9 \text{m}$ de tela de moltón de 300 gramos ignífuga (clasificación de resistencia ao lume mínima A2, s3, d1 segundo UNE-EN 13501-1 ou equivalente) para todos os espectáculos.*
- e) *Propón un incremento do número mínimo de horas de vixilantes uniformados esixido na cláusula 6.2.2.2.6 do PPTP para a realización de tarefas de vixilancia nos 6 eventos da tipoloxía IV (mínimo 4 horas de cada un dos 3 postos de vixilante) de 1 hora.*

- f) *Comprométese a achegar unha cabina sanitaria química portátil ecolóxica para usuarios de mobilidade reducida a maiores do mínimo esixido na cláusula 6.2.1.5 do PPTP (mínimo 2).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(463).- CORRECCIÓN DE ERROS NO PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E MEMORIA XUSTIFICATIVA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE FORMACIÓN DOS PROGRAMAS DE EMPREGO. EXPTE. 19756/77.

Dáse conta do informe-proposta de data 13/06/2023, asinado pola técnica de xestión, a xefa do Servizo de Desenvolvemento Local, a concelleira-delegada de Emprego e coa conformidade da titular de Asesoría Xurídica e do interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.
- Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, (RGLCAP), en todo o que non se opoña a LCSP.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

I.- ANTECEDENTES.

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 1 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo:

“1º Aprobar o expediente de contratación (19756-77) por procedemento aberto de “SERVIZOS DE FORMACIÓN DOS PROGRAMAS DE EMPREGO.

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 8 de maio de 2023, e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 12 de maio de 2023 que rexerán a contratación de “SERVIZOS DE FORMACIÓN DOS PROGRAMAS DE EMPREGO”.

3º.- Aprobar o gasto por importe de **92.888,00 €**, para a contratación de “SERVIZOS DE FORMACIÓN DOS PROGRAMAS DE EMPREGO”, con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2279913 FORMACIÓN PROGRAMAS DE EMPREGO, dos orzamentos do Concello de Vigo do 2023, coa distribución das seguintes anualidades:

- 2023: 46.444,00 €
- 2024: 46.444,00 €

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.”

2.- Aprobado o expediente, se detectaron varios erros no número de horas de formación de 3 cursos obxecto do contrato que se reflicten na memoria xustificativa e PPT, e que afectan aos Lotes I, VIII e IX

FUNDAMENTOS DE DEREITO

-I-

Da potestade de corrixir de oficio os erros materiais ou aritméticos

Conforme ao disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común, as Administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

O artigo 124 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público dispón que os pregos e documentos que conteñan as prescricións técnicas particulares que vaian a rexer a realización da prestación poderán ser modificados con posterioridade á aprobación da licitación polo órgano de contratación, cando se produza un erro material, de feito ou aritmético.

Neste procedemento de licitación, detectouse un erro material na cláusula 1 do PPT e apartado 1.3 da Memoria xustificativa, no nº de horas de duración dos cursos de formación “Illamentos para rehabilitación” (Lote I), “Planificación e deseño de xardíns (paisaxismo)” (Lote VIII) e “Tratamento e erradicación de especies invasoras” (Lote IX), que, non obstante, se reflicten correctamente na memoria económica, á vista do cal, debe procederse á emenda da discrepancia sen que a dita corrección comporte interpretación, cualificación xurídica ou xuízo de valor, sendo susceptible de constatación pola simple evidencia.

-II-

Ampliación do prazo inicial de presentación de ofertas

O artigo 136.2 da LCSP establece que: “ (...) Los órganos de contratación deberán ampliar el plazo inicial de presentación de las ofertas y solicitudes de participación, asimismo, en el caso en que se introduzcan modificaciones significativas en los pliegos de la contratación (..)”

Á vista do exposto, esta rectificación de erros pode afectar ao cálculo do prezo para a presentación das proposicións económicas, polo que tendo en conta que o prazo de presentación de proposicións remata o 20/06/2023 considérase oportuno ampliar o prazo polo tempo transcorrido entre a data do inicio do prazo de presentación de ofertas e a data na que se adopte o acordo de rectificación de erros.

-III-

Competencia

A competencia para aprobar a corrección de erros correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

ACORDO

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *“1º.- Rectificar a cláusula 1 do prego de prescricións técnicas particulares e apartado 1.3 da memoria xustificativa do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación dos programas de emprego, que quedarán redactadas do xeito que se expón deseguido:*

LOTE I. FORMACIÓN EN OBRAS DE REHABILITACIÓN OU REPARACIÓN.

Onde di:

- **ILLAMENTOS PARA A REHABILITACIÓN.**
 - Número máximo de Alumnos/as: 20
 - Número mínimo de alumno/as: 10
 - Horas: 25
 - Edicións 2

Debe dicir:

- **ILLAMENTOS PARA A REHABILITACIÓN.**
 - Número máximo de Alumnos/as: 20
 - Número mínimo de alumno/as: 10
 - Horas: 28
 - Edicións 2

LOTE VIII: FORMACIÓN EN XARDINERÍA. Intégrase polos seguintes cursos

Onde dí

- **PLANIFICACIÓN E DESEÑO DE XARDÍNS (PAISAXISMO)**
 - Número máximo de Alumnos/as: 17
 - Número mínimo de alumnos/as: 8
 - Horas: 15
 - Edicións: 2

Debe dicir:

- **PLANIFICACIÓN E DESEÑO DE XARDÍNS (PAISAXISMO)**
 - Número máximo de Alumnos/as: 17
 - Número mínimo de alumnos/as: 8

- Horas: 14
- Edicións: 2

LOTE IX: TRATAMENTO DO MEDIO

Onde dí:

- **TRATAMENTO E ERRADICACIÓN DE ESPECIES INVASORAS**
 - Número máximo de Alumnos/as: 10
 - Número mínimo de alumnos/as: 5
 - Horas: 21
 - Edicións: 2

Debe dicir:

- **TRATAMENTO E ERRADICACIÓN DE ESPECIES INVASORAS**
 - Número máximo de Alumnos/as: 10
 - Número mínimo de alumnos/as: 5
 - Horas: 14
 - Edicións: 2

Segundo.- Ampliar o prazo de presentación de ofertas polo tempo transcorrido entre a data do inicio do prazo de presentación de ofertas e a data deste acordo.

Terceiro.- Publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público e, no suposto de que se tivera presentado algunha oferta requirirase aos licitadores para que manifesten se manteñen a oferta presentada ou a retiran para presentar unha nova

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(464).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, A TRAVÉS DE PROCEDEMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN URGENTE, DUNHA PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO CONCELLO DE VIGO E SEUS ORGANISMOS AUTONOMOS. EXPTE. 21174/240.

Vistos os informes xurídicos de data 8 e 13/06/2023 e o informe de fiscalización do 13/06/2023, dáse conta do informe-proposta de data 13/06/2023, asinado pola xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN::

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público. (LCSP)



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixntes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Concelleira delegada de Patrimonio, en data 24 de xaneiro de 2023, resolveu iniciar os trámites administrativos para a contratación dunha póliza de seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial do Concello de Vigo e seus organismos autónomos.

Segundo.- En virtude do resolto, emitiuse por esta xefatura, en cumprimento do disposto no artigo 28 da Lei 9/2017, o correspondente informe de necesidade e idoneidade na contratación desa póliza de Responsabilidade Civil e Patrimonial do Concello de Vigo e seus organismos autónomos e, así mesmo, redactouse o 6 de xuño de 2023 o Prego de prescricións técnicas para a súa contratación, considerando o informado pola Correduría de seguros municipais, incorporando igualmente ó expediente a memoria económica asinada o 23.05.2023 e a xustificativa asinada o 06.06.2023.

O 6 de xuño de 2023 emitiuse informe do servizo de Contratación conforme o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, procedendo na data 06/06/2023, á emisión do Prego de Cláusulas administrativas particulares para a contratación de seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial do Concello de Vigo e seus organismos autónomos, polo procedemento aberto.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de

solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto.

O artigo 119 LCSP permite a tramitación urxente naqueles contratos cuia celebración responda a unha necesidade inaplazable ou cuxa adxudicación sexa preciso acelerar por razón de interese público.

Son precisamente razóns de interese público as que aconsellan que o Concello de Vigo contén cunha póliza que cubra a responsabilidade civil e patrimonial esixible a esta administración polos danos que cause ás persoas e bens, así como cunha xestión e liquidación áxil dos sucesos, considerando que a vixente finaliza o 19 de xullo. A pesares de que a tramitación do contrato iniciouse en decembro de 2022, dificultades diversas relacionadas coa xustificación do elevado prezo proposto pola correduría de seguros contratada polo Concello, elemento esencialísimo desde contrato, que nos últimos dous anos ten sido multiplicado por tres, obrigou a este servizo a analizar a siniestralidade dos últimos cinco anos consultando centos de expedientes, pagos realizados polas aseguradoras, razóns das reservas propostas, franquías abonadas, expedientes de repetición,...e comparando outras pólizas doutros concellos cun orzamento similar ao deste Concello, circunstancias que teñen provocado un retraso na tramitación do expediente.

En todo caso é recomendable contar cunha póliza que dé continuidade en prazo á vixente e que cubra algún eventtual accidente grave que poidera causar este concello, a responsabilidade dos seus traballadores e a xestión dos siniestros.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril), tendose incorporado ó expediente o correspondente documento contable de retención de crédito.

Quinto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e fiscalización da Intervención (artigo 116.3 LCSP), con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP).

Á vista do anteriormente exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación urgente, dunha póliza de seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial do Concello de Vigo e seus organismos autónomos.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Xefatura de Área de Xestión patrimonial e territorial 08.06.2023.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 06.06.2023.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación de SETECENTOS MIL EUROS (700.000 €), a financiar con cargo a aplicación orzamentaria 9200.2240000 e a súa bolsa de vinculación xurídica, e consonte a seguinte distribución por anualidades:

Anualidades	Importe
2023	350.000 €
2024	350.000 €

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(465).- ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAÍDOS. EXPTE. 955/441.

Visto o informe xurídico de data 09/06/2023 e o informe de fiscalización do 13/06/2023, dáse conta do informe-proposta de data 09/06/2023, asinado polo xefe de Área de Investimentos e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

I.- Antecedentes:

1. O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, asinan respectivamente nas datas 24 e 31 de maio de 2021, a formalización do CONVENIO

DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIOS.

2.- Dito convenio regula pacto “DECIMO” a constitución dunha COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E CONTROL, que terá por obxecto o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación, a cal estará integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Entre as competencias de dita comisión de seguimento atópase a de “emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución dos contratos a que este se refire”.

Dita Comisión de Seguimento reunirase cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros.

3.- Por parte do Concello de Vigo procedeuse a emitir informe asinado polo Xefe da Área de Inversións, o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento, e conformado polo Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, con data 09/05/2023, no cal se recolle os condicionantes técnicos e económicos que xustifican a necesidade de realizar reaxustes das porcentaxes de financiación establecidos inicialmente no marco do convenio

4.- Con data 10/05/2023, reúnese a Comisión de Seguimento e control do convenio obxecto deste expediente e aprobase por unanimidade a proposta de asinar una addenda ao convenio co obxecto de realizar os realizar reaxustes das porcentaxes de financiación establecidos inicialmente no marco do convenio, e proceder a dar traslado do mesmo a ambas institucións, co obxecto de proceder o desenvolvemento dos correspondentes expedientes administrativos conducentes a aprobación dunha addenda ao Convenio obxecto deste expediente, de acordo coa proposta que recolle a acta de dita reunión.

5.- Mediante Decreto do Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, de data 31 de maio de 2023, resolve que inicie o procedemento conducente á aprobación da Addenda ao “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIOS” , asinado polas partes con datas de 24 e 31 de maio de 2021, de acordo coa proposta de addenda que se achega na acta da comisión de seguimento e control celebrada con data 10/05/2023



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

6.- Con data 08/06/2023, o Xefe da Área de Inversións, co conforme do Concelleiro delegado da Área redactan a Memoria Xustificativa da devandita Addenda. Segundo a Memoria, os pactos que se incorporan a addenda do Convenio estímense conformes ao interese público municipal, ademais, se constata a suficiencia das achegas comprometidas á finalidade do mesmo así como o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

7.- O Xefe dos Servizos Xurídicos da Área de Servizos Xerais con data 09/06/2023 emite informe xurídico concluíndo que non existe inconveniente legal para que a Xunta de Goberno Local aprobe a Addenda ao CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIOS. Expte 955/441

II.- FUNDAMENTOS

I.- Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo.

III.- Contido da addenda:

O obxecto da addenda e adecuar as obrigas da financiación do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIOS, de acordo co acordo da Comisión de Seguimento e control de data 10/05/2023.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

En relación as obrigas recollidas na addenda proposta, procede indicar que a mesma recolle a adecuación financeira sobre as obrigas para o Concello de Vigo, as cales xa foron executadas e na actualidade se atopan todas contempladas no marco orzamentario vixente, non supoñendo ningún desequilibrio orzamentario, polo cal dita proposta non altera os principios de sustentabilidade financeira, segundo o recollido no artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira que foron determinados na tramitación deste convenio.

III.- Procedemento e competencia

Consta no expediente de aprobación da addenda o convenio, os documentos necesarios para a súa tramitación: Orde de inicio, Memoria do convenio e texto do mesmo e Informe xurídico.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello de Vigo.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación da addenda proposta o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIOS.

O artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de Transparencia obriga a dar publicidade da addenda o convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar a proposta de CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIOS., asinado polas partes con datas 24 e 31 de maio de 2021, de acordo coa proposta de addenda que se achega como anexo I.

SEGUNDO: Dar traslado de presente do presente acordo a Deputación Provincial de Pontevedra para a formalización e sinatura da presente addenda.

TERCEIRO.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ADDENDA Nº 1 O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIOS

En Vigo a data da sinatura dixital.

INTERVEÑEN

Dunha parte, D^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, e D^a Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo

EXPOÑEN:

1.- O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, asinan respectivamente nas datas 24 e 31 de maio de 2021, a formalización do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIOS.

2.- Dito convenio regula pacto “DECIMO” a constitución dunha COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E CONTROL, que terá por obxecto o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación, a cal estará integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Entre as competencias de dita comisión de seguimento atópase a de “emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste das anualidades do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución dos contratos a que este se refire”.

3.- A Comisión de seguimento do convenio, reunida en sesión de data 10/05/2023, acordan por unanimidade a proposta de realizar unha reformulación das obrigas de financiación recollida no convenio en base as peculiaridades derivadas da excusión real dos contratos vinculados a execución da obra da NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIOS, de acordo o contida da acta da reunión que se achega como anexo a esta addenda.

4.- Por todo o exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha addenda co obxecto de proceder o reaxuste das porcentaxes de financiación establecidos inicialmente no marco do convenio para a continuidade das actuacións do proxecto de remodelación do ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIOS ". conforme ós seguintes

PACTOS:

PRIMEIRO: A deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo acordan adecuar as obrigas da financiación do CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIOS, de acordo coa seguinte proposta en relación as actuacións vinculadas coa execución do proxecto NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIOS:

a.- Recoñecemento das actuacións executadas polo Concello de Vigo en relación os contratos vinculados coa execución do proxecto NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIOS:

Contratos vinculados o Convenio	Proposta do Convenio	Importes actuais de execución
493/441.- CONTRATO MAIOR OBRAS PROXECTO "DA NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIOS"	16.650.000,00 €	20.662.080,73 €
604/441.- COORDINACIÓN SEGURIDADE E SAÚDE OBRAS DE NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO DE BALAIOS	144.205,99 €	107.979,42 €
738/441.- ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL DE "NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIOS".	302.548,40 €	241.312,60 €
Importe total destas actuacións:	17.096.754,39 €	21.011.372,75 €
Achega Deputación Provincial de Pontevedra	8.548.377,19 €	8.548.377,19 €
Achega Concello de Vigo	8.548.377,20 €	12.462.995,56 €

SEGUNDO: Adecuación das obrigas de financiación do proxecto NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIOS:

a.- Modificar o punto 2 do "pacto segundo" de acordo co seguinte texto:

A obriga de financiación para cada un das administracións en relación ao proxecto de remodelación do Estadio Municipal de Balaios establececese nun 50 % da totalidade dos custes inicialmente contemplados no convenio sobre o total dos 17.096.754,39 €. Polo cal a achega inicial da Deputación Provincial

de Pontevedra por importe de 8.548.377,19 €, determinase como achega finalista o convenio, suprimindo a obriga de financiar o 50 % das actuación no marco da NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS, aportando o Concello de Vigo a totalidade dos incrementos que se deriven da execución final deste proxecto.

A vista desta condición non será de aplicación o recollido no “pacto quinto” do convenio en relación a financiación do 50 % para financiación deste convenio.

b.- En relación as obrigas económicas, a proposta mantén as mesmas obrigas para a Deputación Provincial de Pontevedra recollidas no convenio vixente.

En relación coas obrigas económicas para o Concello de Vigo, propónse o seguinte axuste:

IV. O Concello de Vigo comprométese a achegar, para a execución dos investimentos previstos na cláusula segunda deste convenio en relación a execución das actuacións para a NOVA GRADA DE MARCADOR, a contía de (12.462,995,56 €) así como calquera outro gasto derivado da liquidación final dos contratos vinculados a execución desta obra.

V. A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo os créditos da aplicación 9330.632.00.10 e de acordo coas modificacións de créditos realizadas no exercicio 2022 e incorporadas como remanentes no exercicio 2023, o cal garantira a execución das obrigas.

Exercicio 2020	2.200.000,00 €
Exercicio 2021	3.107.000,00 €
Exercicio 2022	3.000.000,00 €
Modificación de crédito 2022 (*)	2.100.000,00 €
Modificación de crédito 2022 grada marcador (*)	1.015.000,00 €
Modificación crédito 2022 previsión RDL 3/2022 (*)	2.125.000,00 €
Exercicio 2023	289.764,95 €
Total:	13.836.764,95 €



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

(*) Créditos incorporados como remanentes no exercicio 2023.

TERCEIRO: En todo o demais, o texto do convenio asinado polo Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, respectivamente nas datas 24 e 31 de maio de 2021, mantense invariable, suxeitándose as partes ó seu clausurado.

E para que así conste, e en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica

7(466).-ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023. EXPTE. 954/441.

Visto o informe xurídico do 09/06/2023 e o informe de fiscalización 13/06/2023, dáse conta do informe-proposta de data 09/06/2023, asinado polo xefe de Área de Investimento e o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

I.- Antecedentes:

1. Con data 14 de setembro de 2021, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local o “CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN “PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT”. EXPTE. 954/441 “. Dito convenio foi asinado polas partes con datas de 22 e 25 de outubro de 2021.

2.- Dito convenio regula no pacto “DECIMO” a constitución dunha COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E CONTROL, que terá por obxecto o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación, a cal estará integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico

Entre as competencias de dita comisión de seguimento atópase a de “emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución dos contratos a que este se refire”.

Dita Comisión de Seguimento reunirase cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros.

3.- Por parte do Concello de Vigo procedeuse a emitir informe asinado polo Xefe da Área de Inversións, o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento, e conformado polo Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, con data 09/05/2023, no cal se recolle os condicionantes técnicos e económicos que xustifican a necesidade de realizar un reaxuste das propostas establecidas inicialmente no marco do convenio.

4.- Con data 10/05/2023, reúnese a Comisión de Seguimento e control do convenio obxecto deste expediente e apróbase por unanimidade a proposta de asinar una addenda ao convenio co obxecto de realizar os reaxustes das propostas establecidas inicialmente no marco do convenio debido a cuestións tanto económicas como técnicas, e proceder a dar traslado do mesmo a ambas institucións, co obxecto de proceder o desenvolvemento dos correspondentes expedientes administrativos conducentes a aprobación dunha addenda ao Convenio obxecto deste expediente, de acordo coa proposta que recolle a acta de dita reunión.

5.- Mediante Decreto do Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, de data 31 de maio de 2023, resolve que inicie o procedemento conducente á aprobación da Addenda ao CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN “PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT”. EXPTE. 954/441 asinado polas partes con datas de 22 e 25 de outubro de 2021, de acordo coa proposta de addenda que se achega na acta da comisión de seguimento e control celebrada con data 10/05/2023

6.- Con data 08/06/2023, o Xefe da Área de Inversións, co conforme do Concelleiro delegado da Área redacta a Memoria Xustificativa da devandita Addenda. Segundo a Memoria, os pactos que se incorporan a addenda do Convenio estímense conformes ao interese público municipal, ademais, se constata a suficiencia das achegas comprometidas á finalidade do mesmo así como o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

7.- O Xefe dos Servizos Xurídicos da Área de Servizos Xerais con data 09/06/2023 emite informe xurídico concluíndo que non existe inconveniente legal para que a Xunta de Goberno Local apróbe a Addenda ao CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN “PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT”. EXPTE. 954/441



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

II.- FUNDAMENTOS

I.- Lexislación aplicable

- VI. Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- VII. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- VIII. Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- IX. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- X. Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- XI. Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- XII. Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- XIII. Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.
- XIV. Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- XV. Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- XVI. Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- XVII. Bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo.

III.- Contido da addenda:

O obxecto da addenda é adecuar as obrigas da financiación do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT, así como o prazo de execución de acordo co acordo da Comisión de Seguimento e control de data 10/05/2023.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

En relación as obrigas recollidas na addenda proposta, procede indicar que a mesma recolle a adecuación financeira sobre as obrigas para o Concello de Vigo, as cales xa foron executadas e na actualidade se atopan todas contempladas no marco orzamentario vixente, non supoñendo ningún desequilibrio orzamentario, polo cal

dita proposta non altera os principios de sustentabilidade financeira, segundo o recollido no artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira que foron determinados na tramitación deste convenio.

III.- Procedemento e competencia

Consta no expediente de aprobación da addenda o convenio, os documentos necesarios para a súa tramitación: Orde de inicio, Memoria do convenio e texto do mesmo e Informe xurídico.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello de Vigo.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación da addenda proposta o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT

O artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de Transparencia obriga a dar publicidade da addenda o convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar a proposta de ADDENDA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT, asinado polas partes con datas de 22 e 25 de outubro de 2021, de acordo coa proposta de addenda que se achega como anexo I.

SEGUNDO: Dar traslado de presente do presente acordo a Deputación Provincial de Pontevedra para a formalización e sinatura da presente addenda.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

TERCEIRO.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ADDENDA Nº 1 O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT

En Vigo a data da sinatura dixital.

INTERVEÑEN:

Dunha parte, D^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, e D^a Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo

EXPOÑEN:

1. Con data 14 de setembro de 2021, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local o “CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN “PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT”. EXPTE. 954/441 ”. Dito convenio foi asinado polas partes con datas de 22 e 25 de outubro de 2021.

2.- Dito convenio regula pacto “DECIMO” a constitución dunha COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E CONTROL, que terá por obxecto o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación, a cal estará integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Entre as competencias de dita comisión de seguimento atópase a de “emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste das anualidades do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución dos contratos a que este se refire”.

3.- A Comisión de seguimento do convenio, reunida en sesión de data 10/05/2023, acordan por unanimidade aprobar o contido do informe presentado en relación os contidos propostos para os reaxustes das propostas establecidas inicialmente no marco do convenio debido a cuestións tanto económicas como técnicas, de acordo o contida da acta da reunión que se achega como anexo a esta addenda.

4.- Por todo o exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha addenda co obxecto de proceder reaxustes das propostas establecidas inicialmente no marco do convenio debido a cuestións tanto económicas como técnicas, conforme ós seguintes

PACTOS:

PRIMEIRO: A deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo acordan adecuar as obrigas do financiamento do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT. de acordo coa seguinte proposta en relación as actuacións vinculadas coa execución do convenio.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

a.- Recoñecemento das actuacións executadas polo Concello de Vigo en relación os contratos vinculados coa execución do convenio de acordo co contido da acta da comisión de seguimento de data 10/05/2023.

RESUMEN XERAL DOS PROXECTOS:

	Total inicial	Proposta de axuste	NOVO IMPORTE
1.- HUMANIZACIÓN MARTINEZ GARRIDO FASE 4	1.265.055,00 €	- €	1.265.055,00 €
2.- VIGO VERTICAL - JR Jimenez FASE ROMIL E HISPANIDADE	1.343.697,48 €	930.252,10 €	2.273.949,58 €
3.- VIGO VERTICAL - Travesía de Vigo - Aragón	930.252,10 €	- 930.252,10 €	- €
4.- VIGO VERTICAL - J BENAVENTE -TORRECEDEIRA. Fase Marques de Valterra Torrecedeira	1.240.336,13 €	- €	1.240.336,13 €
5.- RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA SAMIL T.M. VIGO. FASE I: ENTRE PUNTA SAMIL E CAMALEÓN	4.556.728,11 €	- 2.200.000,00 €	2.356.728,11 €
6.- HUMANIZACIÓN SAN ROQUE. FASE GREGORIO ESPINO - RUA RUISEÑOR	1.447.058,82 €	- €	1.447.058,82 €
7.- HUMANIZACIÓN AVDA CASTELAO. FASE ROTONDA BARCO E DARIO DURAN	1.550.420,17 €	- €	1.550.420,17 €
8.- PLAN DE MELLORA DE FIRMES EN VIAS MUNICIPAIS	3.100.000,00 €	2.200.000,00 €	5.300.000,00 €
9.- CUBRICIÓN DO PATIO CO CEIP JAVIER SENSANT	361.656,90 €	4.303,03 €	365.959,93 €
	15.795.204,71 €	4.303,03 €	15.799.507,74 €

SEGUNDO: Adecuación das obrigas de financiación das actuacións do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT de acordo coas seguintes obrigas:

Achegas económicas da Deputación Provincial de Pontevedra: (SE MANTEÑEN SEN NINGUNHA MODIFICACIÓN AS ACHEGAS PREVISTAS NO CONVENIO)

Achegas económicas do Concello de Vigo: Se propón a seguinte modificación das achegas do Concello de Vigo:

O Concello de Vigo obrígase a achegar ate un máximo de **Cinco millóns quince mil setecentos cincuenta e cinco euros con vinte seis céntimos (5.015.755,26 euros)**, desagregados da forma seguinte:

Exercicio 2021	Exercicio 2022	Exercicio 2023	Exercicio 2024	Total
550.000,00 €	647.144,90 €	3.218.610,36 €	600.000,00 €	5.015.755,26 €

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo os créditos das aplicacións:

Aplicación	Concepto	2021	2022	2023	2024	Total
1532.619.00.32	HUMANIZACIÓN MARTINEZ GARRIDO FASE 4	550.000,00 €	- €	- €		550.000,00 €
1539.619.00.13	VIGO VERTICAL - CAMELIAS HISPANIDAD FASE ROMIL E HISPANIDAD			730.252,10 €		730.252,10 €
1539.619.00.12	VIGO VERTICAL - J BENAVENTE -TORRECEDEIRA. Fase Marques de Valterra Torrecedeira	- €	300.000,00 €	120.336,13 €		420.336,13 €
1721.609.00.10	RECUPERACIÓN DO SISTEMA DURNAR NA PRAIA SAMIL T.M. VIGO. FASE I:	- €	- €	826.728,11 €		826.728,11 €



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

	ENTRE PUNTA SAMIL E CAMALEÓN					
1532.619.00.08	HUMANIZACIÓN SAN ROQUE. FASE GREGORIO ESPINO - RUA RUISEÑOR	- €	- €	447.058,82 €		447.058,82 €
1532.619.00.00	HUMANIZACIÓN AVDA CASTELAO. FASE ROTONDA BARCO E DARIO DURAN	- €	250.000,00 €	250.420,17 €		500.420,17 €
1532.210.00.04	PLAN DE MELLORA DE FIRMES EN VIAS MUNICIPAIS	- €	350.000,00 €	500.000,00 €	600.000,00 €	1.450.000,00 €
3230.622.00.05	CUBRICIÓN DO PATIO CO CEIP JAVIER SENSANT	- €	47.144,90 €	43.815,03 €		90.959,93 €
	TOTAL CONVENIO 21/23	550.000,00 €	647.144,90 €	3.218.610,36 €	600.000,00 €	5.015.755,26 €

TERCEIRO: O prazo de vixencia do convenio se prorroga ata o 31 de decembro de 2024

CUARTO: En todo o demais, o texto do convenio asinado polo Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, respectivamente asinado polas partes con datas de 22 e 25 de outubro de 2021, mantense invariable, suxeitándose as partes ó seu clausurado.

E para que así conste, e en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica

8(467).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRA COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A MELLORA INTEGRAL, NOVO ARBORADO E MOBILIARIO NO PARQUE DE NAVIA (NELSON MANDELA) FASE I .EXPTE. 1714/441.

Visto o informe xurídico de data 09/06/2023 e o informe de fiscalización do 13/06/2023, dáse conta do informe-proposta de data 09/06/2023, asinado polo xefe

de Área de Investimentos e o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES.-

Primerio.- A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

Neste senso a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo teñen previsto nos seus orzamentos do ano 2023 as previsións orzamentarias para o desenvolvemento de novas accións de colaboración, e aos efectos deste expediente, constan os compromisos orzamentarios para desenvolver actuacións vinculadas a proxectos de melloras na Cidade para o cal será necesario desenvolver o correspondente expediente de colaboración a través dun convenio que regule os condicionantes desta actuación.

O Concello de Vigo, continuando as amplas intervencións realizadas nos últimos para o desenvolvemento dun proxecto transversal de humanización da cidade, ven de aprobar un novo proxecto para a MELLORA INTEGRAL, NOVO ARBORADO E MOBILIARIO NO PARQUE DE NAVIA (NELSON MANDELA), FASE I, que ten por obxecto:

- Recuperación e mellora do espazo urbano, adaptando o parque a uns criterios de integración no entorno urbano no que encontrase; Para elo, modifícase a configuración do espazo estancial do entorno conseguindo un mellor aproveitamento dos espazos. Tamén propónse unha mellora integral, incluíndo reposición de servizos como mobiliario urbano e xardinería nesta primeira fase.

- Máxima integración no entorno dende un punto de vista paisaxístico e de mellora de conexións tanto entre os espazos interiores do propio parque como a conexión coas zonas edificadas da rúa Teixugueiras, para elo deseñase a apertura de novos itinerarios que melloran a permeabilidade transversal do parque.

- Imprementación de xardinería e arborado, para mellorar o desenrolo ambiental xerando puntos de encontro cunha envolvente de elementos naturais.

- A nova ordenación incluírá a zonificación do parque, con novos usos aplicados a cada zona (zona de auditorio ao aire libre, xogos de Teqball, zona canina, labirinto vexetal, zonas de relax e lectura, zonas de esculturas,...), e cunha sinalización que indique os itinerarios ás diferentes zonas.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

Este proxecto foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 18 de novembro de 2022 cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CINCOCENTOS MIL EUROS (1.500.000,00€), e un prazo de execución de cinco meses.

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 20 de abril do ano 2023, aprobou o EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “MELLORA INTEGRAL, NOVO ARBORADO E MOBILIARIO NO PARQUE DE NAVIA (NELSON MANDELA), FASE I”. EXPTE. 1494/441.

Segundo.- Con data 8 de xuño de 2023 o Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, resolveu a iniciación do expediente para a elaboración, solicitude e aprobación de ser o caso por parte do Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra dun convenio para desenvolver do PROXECTO DE MELLORA INTEGRAL, NOVO ARBORADO E MOBILIARIO NO PARQUE DE NAVIA (NELSON MANDELA), FASE I.

Terceiro.- Con data 9 de xuño de 2023 o Xefe da Área de Inversións, co conforme do Concelleiro delegado da Área redactan a Memoria Xustificativa do devandito convenio. Segundo a Memoria, os pactos que se incorporan ao Convenio estímense conformes ao interese público municipal. Ademais, se constata a suficiencia das achegas comprometidas á finalidade do mesmo así como o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira 9 de xuño de 2023 emite informe xurídico concluíndo que non existe inconveniente legal para que a Xunta de Goberno Local aprobe o convenio entre o Concello e a Deputación para a execución dun PROXECTO DE MELLORA INTEGRAL, NOVO ARBORADO E MOBILIARIO NO PARQUE DE NAVIA (NELSON MANDELA), FASE I.

II.- FUNDAMENTOS

I.- Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo.

III.- Convenio

A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público, así como nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia

En canto ao seu contido e procedemento, axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase no informe xurídico obrante no expediente.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

O obxecto do convenio é establecer as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para o cofinanciamento e a execución das obras precisas para o desenvolvemento do PROXECTO DE MELLORA INTEGRAL, NOVO ARBORADO E MOBILIARIO NO PARQUE DE NAVIA (NELSON MANDELA), FASE I.

En virtude do convenio, a Deputación Provincial se compromete a financiar a execución das obras obxecto do convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto no mesmo. A tal fin disporá dos recursos indicados co carácter de achega completa para a execución das mesmas. Asemade, prestará a colaboración necesaria e facilitará canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

O Concello de Vigo asume as seguintes obrigas fundamentais: financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto no convenio; a tal fin dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento das actuacións previstas na memoria e nos proxectos técnicos; licitar os proxectos que conforman as actuacións obxecto do convenio; executar, controlar e recibir as obras consonte aos correspondentes proxectos técnicos; contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde; obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas; dar a adecuada publicidade ao convenio, de tal xeito de que quede constancia de que as obras obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra; levar a cabo o mantemento e conservación das infraestruturas obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción de obra coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas; destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos; comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía; e, prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

IV.- Procedemento e competencia

Consta no expediente de aprobación do convenio, os documentos necesarios para a súa tramitación: Orde de inicio, Memoria do convenio e texto do mesmo e Informe xurídico.

O Concello de Vigo obrígase a completar para a execución deste convenio os créditos necesarios para a licitación, adxudicación e execución ate un máximo de CINCOCEMOS SESENTA MIL EUROS (560.000,00 euros). Dito importe será financiado con cargo os créditos do exercicio 2023 da aplicación 1710.619.00.63 MELLORA ACONDICIONAMENTO PARQUE NAVIA 1ª ANUALIDADE.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello de Vigo.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de Transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

V.- PROPOSTA:

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución do PROXECTO DE MELLORA INTEGRAL, NOVO ARBORADO E MOBILIARIO NO PARQUE DE NAVIA (NELSON MANDELA), FASE I. , transcrito como Anexo.

Segundo.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a aprobación e subscrición do citado convenio que se anexa.

Terceiro.- Asumir as obrigas económicas do convenio nos termos do mesmo, que se corresponde cun importe total de “UN MILLÓN CINCOCENTOS MIL EUROS” (1.500.000,00€), dos cales lle corresponden ao Concello de Vigo para a execución deste convenio os créditos necesarios para a licitación, adxudicación e execución ate un máximo de CINCOCENTOS SESENTA MIL EUROS (560.000,00 euros).

Dito importe será financiado con cargo os créditos do exercicio 2023 da aplicación 1710.619.00.63

Cuarto.- Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

Quinto.-

Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE OBRA PARA A MELLORA INTEGRAL, NOVO ARBORADO E MOBILIARIO NO PARQUE DE NAVIA (NELSON MANDELA), FASE I,

En Vigo, de ____ de 2023

INTERVEÑEN

Dunha parte, D^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, e D^a Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II.- A Deputación Provincial de Pontevedra contempla nos orzamentos unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital créditos para o establecemento dos correspondentes convenios de colaboración cos Concellos e concretamente co Concello de Vigo para o desenvolvemento das actuacións obxecto deste expediente.

III.- O Concello de Vigo, continuando as amplas intervencións realizadas nos últimos para o desenvolvemento dun proxecto transversal de humanización da cidade, ven de aprobar un novo proxecto para a MELLORA INTEGRAL, NOVO ARBORADO E MOBILIARIO NO PARQUE DE NAVIA (NELSON MANDELA), FASE I, que ten por obxecto a recuperación e mellora do espazo urbano, adaptando o parque a uns criterios de integración no entorno urbano no que encontrase

IV.- Que o artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local atribúe ás Administracións Municipais a competencia en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Por outra banda, o art. 36.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal; competencia en relación coa cal a Deputación Provincial de Pontevedra ten previsto na súa planificación a mellora á transformación sostible da infraestrutura viaria dos concellos da provincia.

V.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

VI.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre ámbalas dúas administracións, que contemplan como un dos seus obxectivos estratéxicos a consolidación dunha rede de infraestruturas integradoras, accesibles e abertas para o desfrute dos veciños, o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan agora os aquí comparecentes, con arranxo aos seguintes:

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

1- É obxecto deste convenio, establecer as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para desenvolver e cofinanciar o proxecto para a MELLORA INTEGRAL, NOVO ARBORADO E MOBILIA-



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

RIO NO PARQUE DE NAVIA (NELSON MANDELA), FASE I, de acordo coas actuacións que se propoñen no proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en data 18/11/2022 e redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. M^a Trinidad López Rodríguez, e asinado dixitalmente en data 9 de novembro de 2022.

SEGUNDO.- IMPORTE E FINANCIAMENTO

O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de UN MILLÓN CINCOCEMIL MIL EUROS (1.500.000,00 €), incluíndo os gastos asociados á obra en relación as asistencias técnicas sobre a coordinación de seguridade e saúde, dirección da obra ou asistencia á dirección, e serán asumidas entre ambas administración de acordo cos seguintes importes:

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución dos investimentos previstos no obxecto deste convenio, a contía de “**NOVECIENTOS CORENTA MIL EUROS (940.000,00 euros)**, que terá carácter finalista para a execución da obra.

O financiamento comprometido pola Deputación Provincial de Pontevedra terá carácter de achega definitiva e integra para á execución do convenio.

O pagamento do importe referido á anualidade 2023 se realizará con cargo á aplicación 942.9420.762.14 destinada ao financiamento dos convenios cos concellos de Vigo e Pontevedra.

Pola súa banda, o Concello de Vigo obrígase a achegar ate un máximo de **CINCOCEMIL SESENTA MIL EUROS (560.000,00 euros)**. A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo os créditos da aplicación orzamentaria do ano 2023 1710.619.00.63 MELLORA ACONDICIONAMENTO PARQUE NAVIA 1^a ANUALIDADE.

TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1.- A execución das actuacións e dos contratos a que o presente convenio se refire e o seu financiamento polas partes asinantes terá lugar durante o ano 2023, de acordo coas obrigas de financiamento indicadas no pacto segundo e descritas no anexo económico deste convenio se corresponden cos seguintes compromisos globais de

forma anual:

	Exercicio 2023
Deputación de Pontevedra	940.000,00 €
Concello de Vigo	560.000,00 €
TOTAL CONVENIO	1.500.000,00 €

Non obstante, o eventual reaxuste das anualidades da execución dos ditos contratos, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades.

2.- O Concello de Vigo comprométese a comunicarlle a Deputación Provincial de Pontevedra cada un dos proxectos de execución vinculados ao obxecto deste convenio, para o cal lle remitirá copia completa do proxecto unha vez se atope aprobado pola Xunta de Goberno Local.

3.- Licitados e formalizados os contratos das obras para a execución do investimento aos que se refire o pacto primeiro, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial e comunicarse a esta, data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante desta. A copia da acta que se levante será remitida á Deputación Provincial coa primeira certificación de obra que expida o director da mesma.

4.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar, o acto de recepción das obras obxecto do convenio, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante ou facultativo desta. A Administración municipal remitirá á provincial copia das actas dos actos de recepción e certificación da resolución do órgano competente aprobatoria da recepción das obras executadas e das certificacións finais das mesmas.

5.- Formalizado, de selo caso, o contrato, ou contratos, de servizos para a contratación de asistencia técnica á dirección das obras e a Coordinación de seguridade e Saúde, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial así como dos abonos a conta que en execución dos mesmos se poidan producir.

6.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das obras obxecto do presente convenio e as actuacións realizadas no marco do mesmo cando o teña por convinte, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

CUARTO.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O Concello de Vigo asume a licitación, dirección, execución e recepción das obras contempladas na memoria técnica e no proxecto aprobado, e a súa xustificación perante a Deputación de Pontevedra.

O Concello de Vigo poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución das obras, que se aboarán pola contía equivalente á/s xustificación/s presentada/s.

O importe correspondente á/s xustificación/s achegada/s, será reembolsado ao Concello mediante transferencia bancaria, unha vez que conste na Deputación a seguinte documentación:

- Contrato de adxudicación da obra.
- Acta de comprobación do replanteo.
- Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados.
- Certificación/s de obra executada. Xunto coa primeira certificación se remitirá unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- Certificacións ou actos de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.
- Nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde.

Así mesmo coa finalización das obras para a liquidación final das actuacións deberá ser aportada a seguinte documentación:

- Acta de recepción, unha vez rematado o investimento.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

A/s certificación/s de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

Así mesmo, as actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A comprobación material do investimento que se define no parágrafo anterior é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

QUINTO.- MODIFICACIÓNS DOS PROXECTOS E ACTUACIÓN VINCULADAS AO CONVENIO

As partes asinantes do convenio, comprométense á estabilidade do financiamento comprometido en base á contratación dos proxectos dos investimentos obxecto deste convenio en base as obrigas económicas das partes.

O importe das baixas poderá destinarse ao financiamento de modificados e posibles excesos de medición do mesmo.

A achega da Deputación Provincial ten carácter finalista na súa totalidade e o Concello de Vigo de ser necesario asumirá a totalidade dos incrementos que se deriven da execución final do proxecto que superen o importe determinado neste convenio.

SEXTO.- COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello de Vigo obrígase a:

- Financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo e terceiro. A tal fin dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento da actuación prevista na memoria e no proxecto técnico, sempre que a execución final sexa superior o importe da achega da Deputación Provincial, asumindo de ser o caso a totalidade dos incrementos que se deriven da



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

execución final do proxecto que superen o importe determinado neste convenio.

- Licitación do proxecto que conforma a actuación obxecto deste convenio.
- Executar, controlar e recibir as obras consonte ao correspondente proxecto técnico.
- Contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.
- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito de que quede constancia de que a obra obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.
- Levar a cabo o mantemento e conservación da infraestrutura obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción de obra coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu Regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, e Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de

Pontevedra.

A Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo e terceiro. A tal fin disporá dos recursos indicados co carácter de achega completa e finalista para a execución do proxecto obxecto do convenio.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

SÉTIMO.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e información relativas ao obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento da actuación por ambas administracións.

En todo caso as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas públicas, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, se deberá publicar a achega concedida na BDNS e na WEB da Deputación Provincial de Pontevedra, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O convenio que nos ocupa, pola súa contía, deberá ser remitido ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

OITAVO.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

As partes comprométense ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos s termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración do convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

NOVENO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS

A achega económica prevista no presente instrumento, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada, para o cal de ser o caso se procederá a minorar proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

DÉCIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación creárase unha comisión integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- A puntual recepción de información sobre tódalas actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato a que este se refire.
- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo ou na Deputación de Pontevedra, segundo acorden as partes.

Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario, que levantará acta das súas reunións.

DÉCIMO PRIMEIRO.- PRAZOS DE EXECUCIÓN, XUSTIFICACIÓN E VIXENCIADO CONVENIO

Os investimentos obxecto deste Convenio deberán estar executados, finalizados e xustificados na data límite do 31/12/2024.

No caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 30/06/2025.

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución dos contratos aos que o mesmo se refire, ou vencemento do prazo máximo inicial ou prorrogado previsto neste Convenio.

DÉCIMO SEGUNDO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- 2º.- O acordo unánime dos asinantes.
- 3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

- 4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO TERCEIRO- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias

que non puideran resolverse a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

9(468).- DECLARACIÓN DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO COMO ENTE INSTRUMENTAL PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE AXUDA ÁS ACTUACIÓN DE REHABILITACIÓN A NIVEL DE BARRIO RELATIVO AOS ERRP NO MUNICIPIO DE VIGO, NO MARCO DO PRTR - NEXTGENERATION_EU. EXPTE. 1715/441.

Visto o informe de fiscalización do 13/06/2023, dáse conta do informe-proposta de data 09/06/2023, asinado polo xefe de Área de Investimentos, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos e pola concelleira-delegada de Economía e Fondos Europeos, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 17 de febreiro de 2022, no marco do expediente 1185/441, adoptou entre outros os seguintes acordos:

- Aprobar, aos efectos de garantir a implementación das medidas que sexan necesarias en relación coa execución dos proxectos vinculados, os fondos do PLAN DE RECUPERACIÓN DE TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - PROGRAMA NEXT GENERATION EU, a proposta organizativa que se conforma baixo o **PROGRAMA DE COORDINACIÓN MUNICIPAL, PLANIFICACIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DE PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS PRTR - PROGRAMA NEXT GENERATION EU**, de acordo coa composición e funcións establecidas no apartado II.a da proposta de informe.
- Delegar no Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro de Fomento e Servizos a coordinación e desenvolvemento operativo do PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DE PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS PRTR - PROGRAMA NEXT GENERATION EU, para o que, contará co apoio do “Comité Técnico de Coordinación e Planificación” que forma parte deste plan, así como o conxunto da estrutura de goberno municipal e as áreas e servizos municipais.

2.- O BOE de data 06/10/2021, publica o Real Decreto 853/2021, de 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que ten por obxecto o financiamento da realización conxunta de obras e actuacións de rehabilitación en edificios de uso predominante residencial e vivendas, incluídas as vivendas unifamiliares, e de urbanización ou reurbanización de espazos públicos



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

dentro de ámbitos de actuación denominados Entornos Residenciais de Rehabilitación Programada (ERRP), previamente delimitados en concellos de calquera tamaño de poboación

3.- O Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana transferiu á Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do Investimento C02.I01 «Programa de rehabilitación para a recuperación económica e social en entornos residenciais», mediante a resolución de transferencia do 26 de outubro de 2021, a cantidade de 67.275.950 €, correspondente á anualidade de 2021 e mediante resolución do 28 de outubro de 2022 e despois de cumprir o correspondente fito, a cantidade de 40.593.525 €, equivalente ao 50% da anualidade 2022.

4.- O DOG de data 19 de xullo de 2022, publicou a RESOLUCIÓN do 8 de xullo de 2022 pola que se regula o procedemento para participar no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU e se abre o prazo de participación para a anualidade 2022 (código de procedemento VI406H).

5.- Vinculado a RESOLUCIÓN do 8 de xullo de 2022 pola que se regula o procedemento para participar no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, dende o Concello de Vigo foron aprobadas as seguintes propostas dos ámbitos de actuación:

01. "San Roque" Expediente: 4008/431
02. "Casco Vello de Vigo" Expediente: 4001/431 .
03. "Bouzas" Expediente: 4002/431
04. "Coia" Expediente: 4003/431
05. "Casas de Santa Clara" Expediente: 4004/431
06. "Beiramar" Expediente: 4005/431
07. "Españeiro-Teis" Expediente: 4006/431
08. "San Pablo" Expediente: 4007/431
09. "Grupo Fenosa" Expediente: 4245/431
10. "A Salgueira" Expediente: 4246/431
11. "Gorxal" Expediente: 4247/431
12. "Descontinua de Alcalde Lavadores-Canicouva-Escolas Públicas" Expediente: 4248/431

6.- En aplicación do artigo 12.2 do Real Decreto 853/2021, con data 11 de maio de 2023 a Concelleira delegada da Área de Urbanismo e Vivenda asinou en

representación do Concello de Vigo o Acordo Nº 33 da Comisión bilateral relativo aos Entornos Residenciais de Rehabilitación Programada delimitados no municipio de Vigo, en relación coa execución dos programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU na Comunidade Autónoma de Galicia.

Como consecuencia da sinatura deste Acordo, este Concello de Vigo percibirá 6,4 millóns de euros destinados ó “Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio” do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR). A execución deste programa abrangue o presente exercicio e tres máis.

Mediante o citado acordo, defínese os ERRP que van ser obxecto de subvención dentro do “Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio” (Programa 1): San Roque, Casco Vello de Vigo, Bouzas, Coia, Casas de Santa Clara, Beiramar, Espiñeiro-Teis, San Pablo, Grupo Fenosa, A Salgueira, Gorxal, Descontinua de Alcalde Lavadores-Canicouva-Escolas Públicas.

7.- Os edificios sobre os que se prevé actuar en cada ámbito quedaron identificados mediante as referencias de rúas e portais con base nas delimitacións cartográficas achegadas polo Concello de Vigo como parte da documentación que se anexa no expediente 15170/407.

8.- Consta no expediente 15170/407, todos os antecedentes realizados dende a Xerencia Municipal de Urbanismo en relación a participación do Concello de Vigo, no PROGRAMA DE AXUDA AS ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN A NIVEL DE BARRIO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATION-EU, así como a toma de coñecemento da sinatura do acordo nº 33 da Comisión Bilateral, celebrada o 11 de maio de 2023, relativo aos entornos residenciais de rehabilitación programada delimitados no Concello de Vigo, en relación coa execución dos “Programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do plan de recuperación, transformación e resiliencia”.

8.- O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo en sesión ordinaria de data 06/06/2023, acordou propoñer á Xunta de Goberno Local deste Concello de Vigo a adopción dos seguintes acordos (expte: 1571/407):

Primeiro.- Transferir ao Organismo Autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo”, con NIF P8605706D, os recursos económicos derivados da sinatura o 11.05.2023 do “Acordo N.º 33 da Comisión bilateral relativo aos Entornos Residenciais de Rehabilitación Programada delimitados no municipio de Vigo, en relación coa execución dos programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU na Comunidade Autónoma de Galicia”, que deberán ser aplicados ao Orzamento do citado Organismo Autónomo municipal.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

Segundo.- Declarar como ente instrumental, en relación coa execución íntegra dos programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU na Comunidade Autónoma de Galicia, ao Organismo Autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo”, con NIF P8605706D, de conformidade co reparto competencial determinado polos vixentes Estatutos deste Organismo (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de 06.10.2010).

Terceiro.- Asignar a dito Organismo Autónomo municipal o cumprimento das obrigas e principios de xestión determinados pola normativa europea e estatal reguladora dos Mecanismos de Recuperación e Resiliencia (Regulamento UE 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consejo de 12 de febreiro de 2021 e Ordes ministeriais HFP/1030/2021 e HFP/1031/2021, ambas de 29 de setembro), explicitados no apartado III.3 da parte expositiva deste informe-proposta, sen prexuízo das funcións de dirección-supervisión que lle poidan corresponder ó ente matriz na súa condición de entidade executora.

Cuarto.- Comunicar á Secretaría Xeral de Fondos Europeos e a Subdirección Xeral de Coordinación e Seguimento dos fondos Next Generation EU da Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia, a participación instrumental do Organismo Autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo” (NIF P8605706D) nos programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (regulados no Real Decreto 853/2021, de 5 de outubro), en concreto na execución do “Acordo N.º 33 da Comisión bilateral relativo aos Entornos Residenciais de Rehabilitación Programada delimitados no municipio de Vigo, en relación coa execución dos programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU na Comunidade Autónoma de Galicia”, asinado o pasado 11 de maio de 2023.”

II.- NORMATIVA DE APLICACIÓN E FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

A.- Normativa de aplicación.

- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

- Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Real Decreto 853/2021, de 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento dos fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executen o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Resolución 1/2022, de 12 de abril, da Secretaría General de Fondos Europeos, pola que se establecen instrucións a fin de clarificar a condición de entidade executora, a designación de órganos responsables de medidas e órganos xestores de proxectos e subproxectos, no marco do sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Resolución do 8 de xullo de 2022, da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, pola que se regula o procedemento para participar no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, aprobados na súa versión consolidada polo Pleno en data 6 de setembro de 2010 e publicados no Boletín Oficial Provincial de Pontevedra de 6 de outubro de 2010.

B.- Obrigas do Concello de Vigo no marco do PRTR.

En función da regulamentación establecida en materia de xestión dos fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) e do propio acordo coa administración estatal e autonómica asinado con data do 11.05.2023, para o desenvolvemento dos proxectos para Entornos Residenciais de Rehabilitación Programada delimitados no municipio de Vigo, en relación coa execución dos programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU na Comunidade Autónoma de Galicia, vense a determinar que o Concello de Vigo ostenta a condición de “entidade executora”.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

De conformidade co artigo terceiro, apartado 3 da Resolución 1/2022, de 12 de abril, da Secretaría General de Fondos Europeos “no ámbito local, son entidades executoras do PRTR todas as entidades locais contempladas no artigo 3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que teñan asignado un subproxecto; isto é, cando reciban fondos destinados á realización de accións contempladas no PRTR, con independencia da natureza do instrumento xurídico empregado”.

En consecuencia, é entidade executora o Concello de Vigo no seu conxunto, por ter o carácter de entidade local territorial, de acordo co citado artigo 3 de Lei 7/1985.

De conformidade co artigo cuarto da propia Resolución 1/2022 da Secretaría General de Fondos Europeos (SGFE), as entidades executoras do PRTR poderán valerse de outras entidades do sector público, distintas das relacionadas no apartado anterior, para levar a cabo as accións previstas no PRTR, baixo a responsabilidade e dirección da entidade executora. Ditas entidades do sector público non terán a consideración de entidades executoras do PRTR, senón que a súa participación no mesmo terá, ós efectos do sistema de xestión establecido na Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, un carácter meramente instrumental.

Por tanto, en cumprimento do previsto no artigo 4.3 da citada Resolución da SGFE, o Concello de Vigo pode asignar ó Organismo Autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo”, que conta con personalidade xurídica propia, a realización do “Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio”, obxecto do “Acordo Nº 33 da Comisión bilateral relativo aos Entornos Residenciais de Rehabilitación Programada delimitados no municipio de Vigo, en relación coa execución dos programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGeneration_EU na Comunidade Autónoma de Galicia”, asinado o pasado 11 de maio de 2023.

C.- Obrigas derivadas da condición de entidade instrumental do Concello de Vigo:

Para a conformación da entidade instrumental do Concello de Vigo no ámbito da execución das actuacións do ERRP delimitados no municipio de Vigo, en relación coa execución dos programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do PRTR, debe definir no marco dun “instrumento xurídico” os condicionantes para transferir os recursos económicos, así como todas as obrigas propias do Concello de Vigo como entidade executora coa participación dunha entidade instrumental.

A proposta contemplada no presente informe para que a Xunta de Goberno local adopte nun acordo expreso a condición de entidade instrumental a favor da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, conformase no contexto xurídico dunha encomenda de xestión, como o “instrumento xurídico” requirido pola normativa de execución do PRTR, e no mesmo debese recoller as seguintes obrigas:

1) Comprometerse, con cargo ó financiamento recibido a tal fin, a realizar as accións que se lle asignen coa finalidade de axudar á entidade executora a desenvolver as medidas contidas no Plan e, en concreto, a cumprir cos fitos e obxectivos asignados como parte da Decisión de Execución do Consello (obxectivo CID 28, dentro da Compoñente 2, Investimento 01, neste caso).

2) Facilitar á entidade executora (Concello de Vigo) toda a información de seguimento que esta precise, e en particular, proporcionar a información que terá que subministrarse ó sistema de información de xestión e seguimento do PRTR conforme ó disposto na Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro, e segundo se estableza no manual de uso e funcionamento do sistema de información, Manual de usuario CoFFEE#MRR, dispoñible na páxina web da Secretaría Xeral de Fondos Europeos.

3) Cumprir con todos os principios transversais do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia de acordo co Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021, e cos principios de xestión específicos do PRTR, previstos no artigo 2 da Orde HFP/1030/2021 de 29 de setembro, en especial:

- a) Seguimento e acreditación de resultado a través dos fitos e obxectivos predeterminados.
- b) Etiquetado verde e etiquetado dixital.
- c) Análise de risco en relación con posibles impactos negativos significativos no medioambiente (DNSH), seguimento e verificación de resultado sobre a avaliación inicial.
- d) Reforzo de mecanismos para a prevención, detección e corrección do fraude, da corrupción e os conflitos de interese.
- e) Compatibilidade do réxime de axudas do Estado e prevención do dobre financiamento.
- f) Identificación do perceptor final dos fondos, sexa como beneficiario das axudas ou adxudicatario dun contrato o subcontratista.
- g) Información, comunicación, publicidade e conservación da documentación.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

4) En relación co apartado anterior (cumprimento dos principios transversais), será de obrigado cumprimento por parte da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo:

- a) Deberá dispoñer dun Plan de medidas antifraude (sen prexuízo da remisión, no que proceda, ó Plan de medidas antifraude aprobado para o Concello de Vigo, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 11 de marzo de 2022, expediente 1185/441).
- b) Deberá esixir as declaracións previstas no anexo IV da Orde HFP/1030/2021 en relación cos seguintes temas:
 - Ausencia de conflito de interese.
 - Cesión e tratamento de datos.
 - Compromiso de cumprimento de principios transversais.
- c) Deberá realizar un proceso de auto avaliación que suporá cumprimentar un test en relación coa consecución dos fitos e obxectivos, danos ambientais, conflito de intereses, prevención de fraude e da corrupción, compatibilidade do réxime de axudas, evitación de dobre financiamento e con todos os aspectos determinados na Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.
- d) Deberá desenvolver as obrigas definidas no marco da Orden HFP/55/2023 de 24 de xaneiro, para a análise sistemática do risco de conflito de interese a través da Plataforma MINERVA con sede na Axencia Estatal de Administración Tributaria de España, para o cal deberán designar o “responsable de operación”, de acordo co artigo 4.2 da citada orde.

5) Obrigas en relación a coordinación e seguimento das actuacións da condición de entidade Instrumental

- a) A Xerencia Municipal de Urbanismo deberá proceder a designar a figura dun “xestor instrumental” como responsable do seguimento e desenvolvemento de todos os procesos de xestión que garantan as obrigas derivadas da condición de entidade instrumental.
- e) Por parte do Concello de Vigo como entidade executora, e no marco do PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PRTR- PROGRAMA NEXT GENERATION_UE, designase na figura da Coordinación técnica do Programa Municipal para os proxectos financiados con fondos do PRTR o Xefe da Área de Investimentos do Concello de Vigo, a coordinación e seguimento das actuacións derivadas deste expediente.

III.- PROPOSTA:

A vista da proposta aprobada polo Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 06/06/2023, en relación a DECLARACIÓN DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO COMO ENTE INSTRUMENTAL NA EXECUCIÓN PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO CON FONDOS NEXTGENERATION_EU. EXPTE. 15713/407, e de todas as consideracións recollidas neste informe, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA:

Primeiro: Declarar como ente instrumental, en relación coa execución íntegra dos programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU na Comunidade Autónoma de Galicia,

Segundo: Transferir ao Organismo Autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo”, con NIF P8605706D, os recursos económicos derivados da sinatura o 11.05.2023 do “Acordo N.º 33 da Comisión bilateral relativo aos Entornos Residenciales de Rehabilitación Programada delimitados no municipio de Vigo, en relación coa execución dos programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU na Comunidade Autónoma de Galicia”, que deberán ser aplicados ao Orzamento do citado Organismo Autónomo municipal.

Terceiro: Asignar a dito Organismo Autónomo municipal o cumprimento das obrigas e principios de xestión determinados pola normativa europea e estatal reguladora dos Mecanismos de Recuperación e Resiliencia (Regulamento UE 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 e Ordes ministeriais HFP/1030/2021 e HFP/1031/2021, ambas de 29 de setembro, Orden HFP/55/2023 de 24 de xaneiro), explicitados no apartado **II.C** da parte expositiva deste informe-proposta, sen prexuízo das funcións de dirección-supervisión que lle poidan corresponder ó ente matriz na súa condición de entidade executora.

Cuarto: Comunicar á Secretaría Xeral de Fondos Europeos e a Subdirección Xeral de Coordinación e Seguimento dos fondos Next Generation EU da Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia, a participación instrumental do Organismo Autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo” (NIF



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1462/1102

P8605706D) nos programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (regulados no Real Decreto 853/2021, de 5 de outubro), en concreto na execución do "Acordo N.º 33 da Comisión bilateral relativo aos Entornos Residenciais de Rehabilitación Programada delimitados no municipio de Vigo, en relación coa execución dos programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión EuropeaNextGenerationEU na Comunidade Autónoma de Galicia", asinado o pasado 11 de maio de 2023."

Quinto: Dar conta do presente acordo á Xerencia Municipal de Urbanismo así como a Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e cincuenta e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez